



Vista do Montouto



Fervenza do Cervo

DISTANCIA 18,4 km.		TEMPO ESTIMADO 6h 40 min.		TIPO DE PERCORRIDO Circular	
ALTURA MÁXIMA 1541 m.		ALTURA MÍNIMA 589 m.		DESNIVEL ACUMULADO 1150 m.	

PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA Aldea do Mazo / Limite con Castela e León

ACCESO EN BICICLETA Non

SERVIZOS

Fonte con auga potable no Mazo

CARTOGRAFÍA IGN 1:25.000 Folla 157-III

M.I.D.E.	Medio	Itinerario	Desprazamento	Esfuerzo
	3	3	3	4

ACCESOS

Inicio no Mazo:

Dende Quiroga tomar a estrada LU-623, e coller a provincial LU-P-5001. Seguiremos pola estrada LU-P-5004 dirección á Seara. Antes de chegar ao Saldón (aproximadamente 1 km antes) desviarse á dereita cara ao Mazo (indicado con sinal).

PERCORRIDO


Aldea do Mazo, Devesa do Cervo, Pico Montouto, ferrería do Mazo, aldea do Mazo

SINALIZACIÓN

Sinalización segundo a normativa de homologación da FGM. Existen paneis informativos no inicio. Marcas de pintura realizadas en 2017.

PUNTOS DE INTERESE/ENTORNO

- Aldea do Mazo
- A Ferrería do Mazo
- Rego de Montouto
- Fervenza do Cervo
- Alto dos Tornos
- Pico Montouto.



Esta ruta circular parte da aldea do Mazo e ascende polo val do río Montouto, percorrendo as Devesas do Montouto, a de Mazales e a do Cervo. O camiño sae do val e deixaremos o bosque para chegar a unha pista de terra que marca o límite entre as provincias de Lugo e León. Continuando pola pista durante 700 metros, atópase a aresta que permite chegar ata a cima do Montouto (1541 m). Aquí o camiño converteuse apenas nun carreiro que pode desaparecer segundo a época do ano. Debemos seguir a aresta e extremar as precaucións. Na cima do Montouto coinciden as provincias de Lugo, Ourense e León. Desde a cima, baixaremos pola aresta contraria ata chegar a unha pista de terra, pola que chegaremos ata o río Saldón, onde coincidiremos nun tramo co sendeiro homologado PR-G 191 A Seara-Rugando.

RECOMENDACIÓNS

Trátase dun sendeiro de montaña homologado, o que implica unha maior esixencia técnica e física que noutros sendeiros homologados. Debe terse en conta que se trata dunha ruta esixente que non pasa por poboacións, polo que o equipo e a hora de saída deben planificarse tendo en conta os posibles imprevistos que poidan xurdir. É importante comprobar a meteoroloxía e as horas de luz en cada época do ano. Na maior parte da ruta estaremos por riba dos 1000 m. Non tramo da aresta do Montouto non existe un camiño definido e será preciso extremar as precaucións.

Recomendámosvos que a realicades o percorrido en sentido horario e non deixedes de visitar as ruínas da Ferrería do Mazo.

MÁIS INFORMACIÓN www.concellodequiroga.com www.wikiloc.com

